

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de outubro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da obra “Renovación de instalación de alumeadado público rúa Montirón e rúa Mapoula (tramo comprendido entre rúa San Roque e ronda das Mercedes)”. Exp ref: 2021-C002-000044.

Acórdase a contratación da sumministración, implantación e mantemento dunha plataforma de xestión integral de servizos públicos “Smart” do Concello de Lugo no marco da estratexia Dusi Muramiñaes: da Muralla ao Miño código de proxecto 16Dusi001 incluído no programa operativo Feder Orde Hap/2427/2015, de 13 de novembro con financiamento do 80% exp. Ref.2020-C004-000031.

Acórdase a adxudicación na contratación da subministración de vehículo furgon L1H1 para a brigada municipal de vías e obras.Eexp. Ref. 2021/C004/000019.

Tamén se acorda a contratación da obra de urbanización para o acondicionamento exterior da parcela do edificio impulso verde que abrangue a acción c11 “deseño e execución do proxecto piloto “Impulso verde”, do proxecto life14 CCA/ES/000489 Lugo + biodinámico. “planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana” cofinanciado pola Unión Europea mediante o instrumento financeiro Life 2014-2020. Exp. Ref. 2021-C002-000048

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar o recurso de reposición interposto no que insta a rectificación da liquidación núm. 10222438 (268 bis/2020) xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola reforma interior en planta primeira de edificio sito na praza de Santo Domingo, 5.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac7519474094274807505.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-10-2021

Acórdase aprobar a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para parcelamento da parcela sita en Torre (Orbazai).

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar as licenzas urbanísticas: para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, en Distriz (Meilán). (Expte: 2020/Y001/000176) e para modificación de proxecto básico e de execución da obra en execución con licencia 561/2019, para construción de vivenda unifamiliar no núcleo rural de Fazai- a Viña (Carballido) (expte: 2020/Y001/000145).

Acórdase outorgar as seguintes licenzas urbanísticas: para a substitución dun box de lavado manual por un ponte de lavado automático, na avda. Benigno Rivera, número 6. (expte: 2021/Y001/000212); para restauración de cuberta en edificación tradicional existente no núcleo rural Castro(Lugar) -Vilar-Guntín, parroquia de Meilán (expte: 2020/Y001/000044); para construción de edificio destinado a residencia para persoas maiores, na rúa Serra Gañidoira. (Expte: 2020/y001/000289) e para restauración do claustro da Catedral de Santa María de Lugo (Expte: 2021/Y001/000143).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.